

## Respostas cs 6ºB. semana 8-12 xuño

Estas tarefas non hai que entregalas.

### Tarefas 1

#### Contesta:

-Que é o diñeiro? Para que serve? Explica os distintos mecanismos de pagamento que existen. Indaga que diferenza hai entre unha tarxeta de crédito e unha de débito.

-O diñeiro é un medio de pagamento que permite o intercambio ou troco de mercadorías e servizos.

*-Os distintos mecanismos de pagamento poden ser:*

***Diñeiro en efectivo.** Moedas ou billetes que se levan enriba habitualmente.*

***Tarxeta bancaria:** permite pagar sen diñeiro en efectivo. Pode ser de crédito ou de débito.*

***Cheque bancario:** documento polo cal unha persoa ordena a unha entidade bancaria na que ten os cartos que lle pague unha determinada suma a outra persoa.*

***Pagamento electrónico:** operación de pagamento realizada a través de internet.*

*-A principal **diferenza entre tarxeta de débito e de crédito** baséase en que as primeira sempre están asociadas ao saldo que o cliente teña na conta corrente, mentres que as de crédito permiten operar con diñeiro prestado pola entidade financeira.*

-Cal cres que é a diferenza entre aforro e investimento?

***Aforro:** diñeiro que se garda ou reserva para unha necesidade futura*

***Investimento:** diñeiro que se arrisca en algo coa esperanza de obter un beneficio.*

### Tarefa 2

Fai o logotipo dunha empresa que acabas de crear deicada a fabricación de ropa deportiva.

*Tarefa persoal*